

CÓDIGO DE LA ENTREVISTA: 03
Entrevista Técnico urbanístico de la Deputación da Coruña

ENTREVISTADOR: ¿En qué situación se encuentra el barrio de Ferrol Vello?
¿Por qué se encuentra en tal situación?

ENTREVISTADO: A situación deste centro histórico, ao igual que a doutros moitos das cidades e vilas de Galicia, é de completo abandono por parte dos Gobiernos municipal e autonómico, que deben ocuparse da súa conservación e posta en valor.

O crecemento urbano orixina sempre a materialización doutros ámbitos que se adaptan mellor ás condicións de novos tempos; razón pola que eses conxuntos históricos poden caer nunha progresiva degradación, se non se arbitran dun modo integral as políticas públicas de intervención que resultan necesarias.

ENTREVISTADOR: Desde el punto de vista del estado del patrimonio, la situación parece que no es la idónea; se trata de un barrio declarado BIC (*Bien de Interés Cultural*) desde hace años y se encuentra en un estado muy degradado ¿Qué opina sobre esta circunstancia?

ENTREVISTADO: Obviamente esa situación degradada constitúe unha perda de bens culturais e económico-sociais de valor incalculable. Ferrol Vello é un craro exemplo da necesidade pública de intervención integral referida na resposta anterior: non chega con legislar e/ou planificar, hai tamén que executar de forma coordinada.

ENTREVISTADOR: Por lo que entendemos, los procesos de *gentrification* empiezan dándose con una situación de abandono y degradación del barrio. ¿La actual situación en la que se encuentra Ferrol Vello, puede ser reversible gracias a la actuación del Concello?

ENTREVISTADO: Sen ir máis lonxe, Santiago de Compostela, Pontevedra ou Allariz son referentes desas políticas públicas de intervención, suficientemente coñecidas na doutrina urbanística, que demostran esa posibilidade de exitosa reversión.

ENTREVISTADOR: En una situación de este nivel, ¿qué responsabilidades tiene la Administración ante esta situación? ¿Cree que es suficiente el Plan Especial de Rehabilitación puesto en marcha?

ENTREVISTADO: Como xa se desprende das respostas anteriores, a súa responsabilidade é total por limitarse só a medidas virtuais, sen adoptar medidas eficientes de real intervención.

ENTREVISTADOR: ¿Cree que son suficientes los instrumentos de planificación actuales para impedir que de una situación de degradación y abandono, pueda surgir un proceso especulativo?

ENTREVISTADO: Non, como xa fica dito anteriormente. Por outra parte, cómpre advertir que, se non se toman as oportunas medidas preventivas, os procesos especulativos tamén adoitan aparecer nas intervencións de rehabilitación, rexeneración ou renovación urbanas.

ENTREVISTADOR: En Ferrol ha sido la coyuntura adversa de la ciudad uno de los factores para que procesos especulativos no tuvieran el éxito esperado. Sin

embargo, ¿a partir de una rehabilitación futura y efectiva del barrio, podrían activarse procesos especulativos indeseados?

ENTREVISTADO: Si, tal como se significa na resposta anterior.

ENTREVISTADOR: Existen varios colectivos que denuncian que determinadas apuestas urbanísticas van a contribuir a potenciar el valor turístico de Ferrol Vello. ¿Qué opina usted al respecto?, ¿cree que esta apuesta puede disparar, nuevamente, algún proceso especulativo?

ENTREVISTADO: Ese valor turístico -intimamente vinculado ás potencialidades do Arsenal e da Nova Poboación da Madalena- constitúe sen dúbida unha das ideas-forza nas que se debe apoiar toda intervención.

En todo caso, de novo cabe sinalar a necesidade de combatir unha posible especulación.

ENTREVISTADOR: En términos generales, y después de las experiencias que ha tenido usted desde la Administración, ¿qué va a suceder en los próximos años con el barrio de Ferrol Vello?

ENTREVISTADO: Confío en que as experiencias positivas que xa temos nesta materia, particularmente as anteriormente citadas de Galicia, sirvan de referente para as futuras políticas dos Gobernos municipais e autonómico de próxima e, probablemente, profunda renovación.

A Coruña, 23 de abril do 2015.